

## Notas sobre cerámica romana: *a terra sigillata*

Mario César Vila

A cerámica representa unha das manifestacións máis importantes dentro da historia da humanidade no que atinxé á súa historia material. En arqueoloxía constitúe a evidencia material máis numerosa con avantaxada diferencia respecto ao resto dos vestixios non perecedoiros que se rexistran nas escavacións. Dende a República romana, até o Baixo Imperio, as diferentes producións cerámicas romanas permítennos coñecer a través do seu estudo, aspectos diversos sobre a economía e sobre a sociedade que creou e usou estes utensilios.

Dentro das diferentes familias cerámicas romanas, destacan polas súas calidades técnicas e formais, unha serie de producións coñecidas como vaixelas finas ou de mesa -cerámicas campanienses, cerámicas de paredes finas e *terra sigillata*, principalmente-, sobre o resto das fabricacións incluídas dentro do conxunto da cerámica común romana. Ocupáremos nesta síntese de ofrecer unhas noções básicas acercaalgúns aspectos relacionados coa producción e comercialización da *terra sigillata*.

### Os materiais de fabricación

O elemento básico para a produción cerámica é a arxila. Esta debe traballarse sempre húmida co fin de




FIG 1 BALSETA ACHADA NUN ALFARDE BEZARES, LA RIOJA (SAENZ, 1994)




FIG.2 ESQUEMA DE TORNO RÁPIDO COS SEUS COMPONENTES

proporcionarle a plasticidade necesaria para ser traballada polo oleiro. Tanto o secado como a cocción, farán que se elimine a auga e se converta en cerámica a través dun proceso químico irreversible. Neste punto teremos un material consistente e impermeábel.

Os outros elementos básicos para a fabricación cerámica serán a auga e a madeira. A auga será a componente que permitirá traballar a arxila nos diferentes procesos previos ao

sometemento da peza a secado e cocción. A madeira resultará imprescindíbel para o quecemento dos fornos, que no caso da *terra sigillata* debía superar en todo caso os 750° C. Farase indispensable polo tanto, que ambas materias primas se localicen próximas e en abundancia aos obradoiros dos oleiros. No caso da auga será frecuente atopar ríos, regatos ou mamantais a escasos metros dos alfares. Cando non era así, a enxeñería romana facilitaba o recurso por medio de pozos, acequias ou acueductos. Estes centros ubicábanse xeralmente preto de zonas de monte onde a madeira era abundante e os accesos óptimos.

### A produción cerámica

Un dos procesos primarios será o de tamizar a arxila. Consiste en someter a pasta a diferentes lavados en espazos estancos construídos para tal fin. Estas cubetas reciben o nome de balsetas. Aquí se separaba a arxila daqueles corpos que poderían afectar á calidade dos produtos, tales como palla, herba, pedras, etc.

Sen embargo, ademais do compoñente plástico do barro, a arxila necesita da inclusión de elementos non plásticos para proporcionar a dureza e estabilidade necesaria, xeralmente de tamaño moi reducido. Estas inclusións engádense ao barro antes de efectuar o amasado e deben ser repartidas de xeito homoxéneo e ir ben trituradas. Ambas componentes serán fundamentais para proporcionarle á peza o acabado e consistencia necesarios. Estes materiais non plásticos denominados ás veces coma desgraxantes<sup>1</sup> poden ser de orixe mineral (mica, cuarzo, cerámica triturada, calcite,...), vexetal (palla, serrín, herba,...) ou



animal (osos, cunchas, plumas, cáscara de ovo, cabelos,...). Os tipos cerámicos coñecidos como tradicionais e comúns do país, caracterizaranxe por posuir inclusións micáceas e cuarcíticas, xa que son os minerais que definen os nosos solos. Sen embargo, a T.S. se distingue por posuir unhas pastas moi depuradas utilizándose xeralmente como material non plástico a calcite. Este factor será determinante á hora de escoller a ubicación dos alfares.

### Os aparellos do oleiro

Unha das ferramentas básicas do traballo do oleiro será o torno. O torno rápido -*rotafigularis*-, consta de dous discos horizontais, separados por un eixo –tamén chamado árbore ou *tronco*- ríxido vertical. Deste xeito, cando o inferior xire, por medio da tracción do pé humano, o superior farase do mesmo xeito. A consistencia do aparello dependerá de dúas pezas fundamentais: a *ponte* e a *ranga*. A primeira trátase dun madeiro disposto horizontalmente cunha perforación por onde pasa o eixo vertical. Sitúase debaixo e a pouca distancia do disco superior. A *ranga* é un elemento de anclaxe –normalmente unha pedra- que contén un orificio no que se apoia a parte baixa do eixo –*puntal*, *punteiro* ou *púa*-, baixo o disco inferior.




FIG 4 APLICACIÓN DE ENGOBE POR INMERSIÓN (A PARTIR DE MORALES, 1881)

AGILIANI	ZICLA
3	4
4	5
5	6
6	7
7	8
8	9
9	10
10	11
11	12
12	13
13	14
VIS	OFES
14	15
15	16
16	17
17	18
18	19
19	20
20	21
21	22
22	23
23	24
24	25
25	26
26	27
27	28
28	29
29	30
30	31
31	32
32	33
33	34
34	35
35	36
36	37
37	38
38	39
39	40
40	41
41	42
42	43
43	44
44	45
45	46
46	47
47	48
48	49
49	50
50	51
51	52
52	53

Instrumentos básicos utilizados polo oleiro na confección das pezas serían o punzón, o buril e os pratos de torno. O punzón é unha ferramenta similar a un tampón ou carimbo. Sobre un pequeno astil dispúñase unha base plana na que se representaban diversos motivos en relevo –vexetais, xeométricos, figurativos, etc-. Servía para imprimir motivos ou marcas tanto nos moldes de fabricación coma directamente sobre as pezas. O buril é un artefacto apuntado utilizado para realizar incisións. Pode estar fabricado en cerámica, oso, madeira, metal, etc. Tamén temos pezas fabricadas en arxila de forma discoidal, que presentan na parte inferior unha prolongación que debía unilas ao eixo do torno. Reciben o nome de pratos de torno.

Outros instrumentos, relacionados coas tarefas de cocción serían os carretes, os axustadores e os soportes de tubería. Os carretes son unhas pezas cilíndricas utilizadas para apilar as pezas no obradoiro ou no forno. Os axustadores son unhas tiras de arxila fresca que se axustaban ás pezas ou aos tubos, co fin de evitar que os vasos se pegasen ou que se producirían fugas de fume na cámara de cocción. Os soportes de tubería, como ben indica o termo, son pezas con forma de funil que servían de acople entre os buratos da parrilla de cocción e os tubos de expulsión dos gases da cámara de fogo.

A denominación, *terra sigillata*, débese á utilización dun selo -*sigillum*- que se soe estampar na parte interior da peza, cando a arxila ainda está branda. Neste selo inclúise o nome do oleiro ou empresario, en nominativo ou xenitivo, que frecuentemente ía precedido da fórmula OF. -*officina*-, é dicir, obradoiro.

Este selo non se estampaba de xeito xeralizado en todas as pezas, facéndose cada vez menos habitual conforme nos achegamos á tardorrománización. Haberá familias cerámicas que, por similitude e asimilación, se incluirán no grupo da *terra sigillata*, malia carecer por completo do uso do selo.

Outro aspecto definitorio destas cerámicas virá polo uso do engobe ou verniz. Cando a pasta ainda está húmida, aplícaselle unha capa de arxila moi depurada e líquida, que recibe o nome de engobe, sobre a superficie, proporcionándolle un mellor acabado á peza. As producións altoimperiais soen caracterizarse por posuir unhas tonalidades vermellos e uns engobes brillantes e adherentes, namentres que nas producións tardías predominarán as cores alaranxadas e os engobes más apagados e menos consistentes.

Existen dúas caracterizacións básicas da *terra sigillata* en base á ausencia ou non de decoración. A T.S. lisa carece de decoración namentres que a T.S. decorada posúe decoración en relevo sobre as súas paredes. A T.S. lisa fabricábase no torno a partir dun patrón metálico ou de madeira apoiado no exterior da peza. Unha vez acabado o corpo da peza, esta era volteada e adheríase ao pé. Para finalizar, aplicábaselle o engobe e introducíase no forno cerámico.

Máis complexa resultaba a fabricación da T.S. decorada. Primeiramente se fabricaba un molde que contiña en negativo os motivos que posteriormente aparecerían decorando a peza en positivo. Estes moldes fabricábanse coa mesma arxila que era utilizada na confección das pezas, pero deixando unha superficie porosa. Sobre estes moldes se aplicaban os motivos a partir da utilización dos punzóns. Estes motivos eran estampados sobre a arxila dos moldes, estando ainda fresca a pasta. Unha vez realizada a serie decorativa sobre o molde, deixábase secar, sen aplicarlle ningún tipo de engobe. Posteriormente introducíase a arxila que conformará a peza sobre este molde, facíanse xirar ambos elementos de forma conxunta sobre o torno, e trazábanse as paredes internas da peza. Unha vez acabada esta operación separábanse ambos elementos e acabábanselle de incluír as partes necesarias á peza: bordo, base e nalgún caso a asa.



FIG.5 ELABORACION DUNHA PEZA DECORADA A MOLDE DE TERRA SIGILLATA (SÁENZ, 1994)

A parte deste procedemento decorativo característico, se utilizaron outras técnicas como a impresión, a incisión, a aplicación ou a barbotina. A impresión consiste na aplicación dun carimbo ou punzón sobre a superficie da peza. Dentro da impresión debemos mencionar a decoración a roleta ou rodiña. Esta consiste en facer rodar un cilindro raiado, xeralmente nos bordos ou baixo estes, provocando un efecto de repetición de pequenos trazos ao redor da parte superior da peza<sup>2</sup>. Por incisión se entende a realización dun trazo continuo coa utilización dun instrumento más ou menos punzante. A aplicación consiste na realización dun motivo sobre unha lámina de arxila, que posteriormente se adhira á superficie da cerámica. A técnica da barbotina consiste na utilización dun funil —semellante á coñecida como manga de pasteleiro—, na que se introducía arxila fresca. Facendo presión sobre a arxila, esta era aplicada sobre o bordo ou a a parede da vasilla formando series de botóns, liñas ou as coñecidas como follas de auga.




FIG.6 FRAGMENTOS DE MOLDE DE T.S.H

### O proceso de cocción

Posteriormente á elaboración das pezas, estas pasan á fase de secado, ao longo dun proceso que tradicionalmente dura unha semana. A perda de auga modifica o tamaño das mesmas. Este proceso acentúase na fase de cocción onde as pezas poden encoller entre un 5 e un 15%. Estes procesos son sumamente delicados, xa que a perda brusca de auga pode alterar ás pezas até o punto de desfiguralas ou fragmentalas.

O tipo de forno utilizado para a *terra sigillata* non dista moito na súa estrutura dos utilizados noutros tipos de cerámica. Diferenciaríanse basicamente dous niveis. O inferior estaría formado polo *praefurnium* e a cámara de lume. No *praefurnium* depositaríase o combustíbel, que unha vez ardendo, distribuiría calor a un espazo anexo que recibe o nome de cámara de lume. Sobre a cámara de lume emprazaríase a grella ou solo. Con este nome se coñece á plataforma perforada que sirve de base ao laboratorio xa no nivel superior. Sobre estas perforacións situábanse os tubos que distribuirían calor cara a cámara de cocción ou laboratorio. A función destas canalizacións era a de evitar que o

<sup>2</sup> Nos últimos tempos utilízase a denominación de “técnica do burilado”, xa que se cre que estes motivos se conseguiron a partir da utilización dun buril rozando a pasta fresca da peza namentres xiraba sobre o torno.

fume afectara ás pezas e fose expulsado ao exterior, permitindo que se mantivera unha atmosfera oxidante<sup>3</sup>. A cámara de cocción se recubría cunha bóveda sobre a que se practicaban varias perforacións. Unha destas, chamada observatorio e situada na parte media, permitía visualizar o proceso de cocción, pudendo deste xeito o artesán variar a cantidade de calor que estimase necesaria. O outro orificio, denominado tiro instalaríase na parte alta da bóveda e como o nome indica, serviría para dar saída aos gases e permitir a entrada de osíxeno necesario para que se producira a combustión.




FIG.6 ESQUEMA DE FORNO DE TERRA SIGILLATA

### As diferentes producións e familias cerámicas

A *terra sigillata* nace en Italia, concretamente nos obradoiros do Arezzo, sucedendo á cerámica campaniense<sup>4</sup>. A *terra sigillata itálica* (T.S.I.) xurde en certo modo, coma unha produción novidosa, caracterizándose por amosar unhas superficies vermelhas brillantes, acadadas grazas ao uso de coccións oxidantes. Para a distribución das diversas producións sobre o territorio galaico, seguimos a obra de referencia de Naveiro sobre o comercio marítimo no noroeste peninsular (NAVEIRO, 1991). Obsérvase unha distribución principalmente costeira da T.S.I., concentrándose sobre todo nas Rías Baixas e seguindo o curso do Miño como arteria de comunicación cara o interior.

Coa *terra sigillata galicia* (T.S.G.), iníciase un sistema de fabricación industrial de cerámica, que non volverá a recuperarse ata ben entrada a Idade Moderna. Estes produtos diferéncianse dos itálicos por amosar un verniz vermello moi vivo, pasta de matiz forte e fractura recta. Coa T.S.G. observamos unha maior introducción cara mer-

<sup>3</sup> Por cocción oxidante coñécese aquela na que a atmósfera de cocción se compón de osíxeno nunha proporción óptima. Neste caso as pastas resultantes desta cocción conservarán tons vivos (roxizos, alaranxados ou ocres). Se pola contra, a atmósfera de cocción se ve afectada pola entrada de anhídrido carbónico ou outros gases, se producirá unha cocción reductora e nas pastas, xeralmente, predominarán os tons escuros (grises e negros).

<sup>4</sup> As cerámicas campanienses abranguen un grupo de producións finas de verniz negro fabricadas entre os séculos IV e I AC na metade occidental do Mediterráneo, principalmente na península Itálica. Denomináñse campanienses malia existir obradoiros alleos á zona da Campania, como os do Lacio, Etruria ou Sicilia.

cados interiores ampliándose a demanda anteriormente aberta a través do Miño, principalmente con productos de La Graufesenque. A concentración de produtos gálicos en puntos dispersos da costa cantábrica indica unha distribución dende a costa occidental da Galia relacionada cos obradoiros de Montans.

### As tipoloxías

A *terra sigillata* fabricouse de xeito industrial. A alta demanda que tiveron estes produtos na antigüidade levaron á creación de grandes centros oleiros que se encargarián da fabricación en serie destes productos, abarcando e excedendo os límites do imperio. Os centros productores máis coñecidos e importantes foron os do Arezzo, Puteoli, Pisa e do val do Po para a T.S.I., os de La Graufesenque, Montans, centro da Galia e Argonne, para a T.S.G., e os da zona rioxana principalmente para a T.S.H. (Tricio, Arenzana, Bezares, Manjarres, Sotés, Calahorra, Vareia, Nájera,...), aínda que se localicen centros oleiros noutras zonas da Península Ibérica como a andaluza (Andújar, Granada, Málaga,...), catalana (Cornellá del Terri, Abellá, Solsona,...), navarra (Lídena, Iruña, Corella), burgalesa (Mecerreyres, Quintanilla de las Viñas, Solarana,...), soriana (*Uxama*, Tiermes), ou turolense (Bronchales).

O feito de que se trate dunha cerámica fabricada en serie permitiu aos investigadores crear táboas tipolóxicas que permitiron estudar o desenvolvemento das formas cerámicas ao longo das súas fases de vida. Normalmente coñécense estes tipos polo nome do autor que as individualizou e a numeración que se segue no catálogo correspondente. Así temos formas concretas que reciben o nome de autores coma Goudineau, Dragendorf, Hayes ou Mezquíriz, seguidas dun número de tipo. Existirán formas que terán grande éxito cara o público e perdurarán no tempo durante séculos. Outros tipo caerán pronto en desuso debido entre outros factores, a un posíbel fracaso comercial. Sen embargo, aqueles tipos que perduren experimentarán variacións formais,




FIG.8 ESTRUTURA DUN ALFAR DE TERRA SIGILLATA HISPANICA (SOLOVERA, 1987)

técnicas e decorativas acordes coas demandas e a produción. Estes cambios no desenvolvemento dos tipos, nos estilos decorativos e nas calidades técnicas –que irán decaendo conforme aumente a demanda destes productos-, permiten ao arqueólogo achegarse a un ámbito cronolóxico aproximado. Así mesmo, a desaparición dalgunhas formas e a aparición doutras novas, nos están a falar dunha serie de trocos nos hábitos alimenticios. O feito de que en época altoimperial perduren os servizos formados por pequenos pratos e vasos, e que na época tardía predominen as bandexas de grandes diámetros, está a evidenciar unha serie de trocos que poden afectar tanto á dieta como ao xeito de consumir os alimentos, onde se pasaría dun uso máis individualizado a outro quizais máis comunitario. Así mesmo, a calidade destes produtos convertíranos en utensilios de luxo aos que só podería acceder unha parte da poboación. Tanto os custos de fabricación, como os de transporte encarecerían o prezo destas vaixelas adicadas exclusivamente ao uso de mesa. O feito de que moitas destas pezas presenten un *graffiti*<sup>5</sup>, sinalan a práctica habitual de sustraccións.

PRODUCCIÓN	CARACTERÍSTICAS	CRONOLOXÍA	EXPANSIÓN	DISTRIB. NA GALLAECIA
T.S.I.	Verniz vermello pálido e pasta clara	45 AC – 70 DC	Mediterráneo occidental e Europa occidental e setentrional ata o Rin e Danubio	Rías Baixas, rexión bracarense e cunca media do Miño
T.S.G.	Verniz vermello moi vivo	20 – 150 DC	Mediterráneo occidental, costa N de África, Europa occidental ata a Britania e cunca do Danubio	Galiza inferior polo val do Miño, cunca do Navia, e zona bracaro-portuense
T.S.H.	Verniz vermello claro-alaranxado e pasta vermello ladrillo	70 - 400 DC	Península Ibérica, N de África, Italia, Galia, Britania e Xermania	Dispersión por todo o territorio
T.S.H.T.	Verniz de mala calidade e pastas toscas	S IV – inic. S VI	Cuncas do Douro, Ebro e Texo principalmente	Equitativa pero escasa en todo o territorio
T.S. Clara A	Verniz alaranxado e pasta alaranxada-vermella	Época altoimperial – meds. S III	Bacia Mediterránea. Na expansión occidental chega ata o sur e centro da costa portuense	Localizouse algúns restos testemuñal en <i>Brigantium</i> (A Coruña)
T.S. Clara C	Ton claro e pasta moi fina	Ss III-IV	Bacia mediterránea e costa atlántica	Rías Baixas
T.S. Clara D	Pasta rosada e porosa	Ss IV-VII	Bacia mediterránea e costa atlántica	Zona portuense, Rías Baixas e cursos fluviais relacionados, e costa norte

TABAOS TERRA SIGILLATA

<sup>5</sup> Marca gravada realizada despois da coción, xeralmente ubicada na parte inferior da peza, que fai referencia á onomástica persoal. Indicarían o sentido de propiedade da vaixela respecto a un individuo.

## BIBLIOGRAFÍA

- ARIAS VILAS, F; ROMERO MASIÁ, A.
- 1995 *Diccionario de termos de Arqueoloxía e Prehistoria*, Vigo.
- BALIL ILLANA, A.
- 1973 «Algunos aspectos y problemas de la Galicia Romana», *C.E.G.*, XXXVIII, Santiago de Compostela, pp. 161-180.
- BELTRÁN LLORIS, M.
- 1990 *Guía de la cerámica Romana*, Zaragoza.
- CAAMAÑO GESTO, J. M.
- 1979 «Marcas de alfarero en cerámica romana, encontradas en Galicia», *Gallaecia*, 5, pp. 63-99.
- 1983 «Cerámicas finas de importación en la época romana en Galicia», *Estudios de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*, Santiago de Compostela, pp. 225-246.
- CARO BELLIDO, A.
- 2002 *Ensayo sobre cerámica en arqueología*, Sevilla.
- CARREÑO GASCÓN, M<sup>a</sup>. C.
- 1997a «Cerámica fina de mesa: A Terra Sigillata en Galicia», *Galicia Terra Única: Galicia Castrexa e Romana*, Lugo, pp. 255-260.
- 1997b *Marcas de alfarero sobre terra sigillata halladas en Lucus Augusti*, Anejos de Larouco, 3, Edicións do Castro, A Coruña.
- JUAN TOVAR, L. C.
- 1984 «Los alfares de cerámica sigillata en la Península Ibérica», *Revista de Arqueología*, 44, Madrid, pp. 32-45.
- 1985 «Los alfares de cerámica sigillata en la Península Ibérica (y II)» *Revista de Arqueología*, 45, Madrid, pp. 32-45.
- LÓPEZ PÉREZ, M<sup>a</sup>. C.
- 2001 *Terra Sigillata en la Provincia de A Coruña*, Tese de Licenciatura en CD-ROM, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela. Inédita.
- MORALES HERNÁNDEZ, F.
- 1982 «La Terra Sigillata», *Arevacon*, N° 6-7, Soria, pp. 10-13.
- NAVEIRO LÓPEZ, J. L.
- 1985 «El comercio del N.O. en época Romana», *Galicia, Historia*, I, Hércules de Ediciones, A Coruña, pp. 451-459.
- 1991 *El comercio antiguo en el N.W. peninsular: lectura histórica del registro arqueológico*, Monografías Urxentes de Museu, 5. A Coruña.
- 1996 «Registro cerámico e intercambios en el Noroeste en la época romana», *Los Finisterres Atlánticos en la Antigüedad, Época Prerromana y Romana*, Gijón, pp. 201-204.
- SÁENZ PRECIADO, M<sup>a</sup>. P.
- 1994 *La industria cerámica romana en La Rioja*, Fichas didácticas, Museo de La Rioja, Logroño.
- SOTOMAYOR MURO, M. (Coord.)
- 1983 «Monografía: Terra Sigillata Hispánica», *Boletín del Museo Arqueológico Nacional*, Tomo I, n° 2, Madrid.